

**ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACION O  
DIA 30 DE SETEMBRO DE 2016**

Asistentes

SR. ALCALDE:  
FRANCISCO GARCÍA SUÁREZ

CONCELLEIROS:

Polo BNG:

BERNARDO VARELA LÓPEZ  
FRANCISCO ALEJANDRO PIÑEIRO  
RODRIGUEZ  
MARIA TERESA DEVESA GRAÑA  
ALBERTO CONDE RODRIGUEZ  
MARIA ISABEL POISA REY

Polo PP:

MA DEL CARMEN PÉREZ GONZÁLEZ  
JOSÉ DANIEL RODICIO PÉREZ

Polo PSdeG-PSOE:

SECRETARIO:  
Don Maximino Jardón Pedras

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Allariz, cando son as VINTE HORAS (20:00) do dia TRINTA de SETEMBRO do DOUS MIL DEZASEIS, previamente convocados, reuníronse os Sres. Concelleiros á marxe relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, D. Francisco García Suárez, a fin de celebrar unha sesión ordinaria polo Pleno da Corporación.

Non asisten á sesión:

- MARIA CRISTINA CID FERNÁNDEZ, concelleira do BNG.
- MARIA ELENA SUÁREZ ESTEVEZ, concelleira do BNG.
- MANUEL CID PÉREZ, concelleiro do BNG.
- LUZ DOPORTO REAL, concelleira do PP.
- ZAIDA AUXILIADORA RODRIGUEZ CAMBA, concelleira do PSdeG-PSOE.

Previamente comunicaron a súa ausencia por razóns persoais.

Sen incidencias.

---&&&---

## ORDE DO DIA

1. **ACTAS.- Aprobación, se procede, dos borradores correspondentes as sesións celebradas o día 29/07/2016 e 29/08/2016.**
2. **Resolucións adoptadas pola alcaldía desde a última sesión.- Dar conta.**
3. **CONTA XERAL 2015. Aprobación definitiva, se procede.**
4. **Moción do BNG reclamando á Xunta de Galicia solucións polos danos ocasionados polo xabarán nos cultivos agrícolas e gandeiros.**
5. **Rogos e Preguntas.**

---&&---

1. **ACTAS.- Aprobación, se procede, dos borradores correspondentes as sesións celebradas o día 29/07/2016 e 29/08/2016.**

*Apróbanse sen modificación alguna, pola unanimidade dos oito concelleiros presentes na sesión, dos trece que legalmente integran esta Corporación local.*

2. **Resolucións adoptadas pola alcaldía desde a última sesión.- Dar conta.**

Están a disposición dos grupos políticos no Libro de Decretos, na Secretaría, sinala o alcalde.

3. **CONTA XERAL 2015. Aprobación definitiva, se procede.**

Da conta o Alcalde sinalando que se fixeron as aprobacións oportunas da conta xeral pola comisión especial de contas e sometida a exposición pública polo prazo regulamentario non se produciron alegacións nin reclamacións. Procede, polo tanto, que o Pleno se pronuncie sobre a súa aprobación para o seu traslado ao Consello de Contas aos efectos da súa fiscalización.

A este respecto, recorda o Alcalde que, como xa indicara na sesión plenaria do 31 de marzo con ocasión da toma de razón da aprobación da liquidación, entende que a conta xeral do 2015 é unha conta positiva desde o punto de vista do cumprimento dos obxectivos establecidos e tamén polo grao de execución orzamentaria. Así, o resultado da execución orzamentaria foi de 6.348.428€ de ingresos e de 5.732.755€ de gastos, que significa un resultado orzamentario positivo de 615.673€, un aforro bruto do 23,1%. Destaca tamén, como xa fixera daquela, que entre os ingresos ordinarios (DRN) que son 5.552.634€ e os gastos ordinarios (ORN) 4.265.889€, hai un resultado positivo de mais ingreso ordinario que gasto ordinario de 1.286.745€. Tamén valora o bo cumprimento sobre as estimacións orzamentarias do 2015 que resume no seguinte cadro explicativo:

**ORZAMENTO DE INGRESOS**

Capítulo	Descripción	Previsión definitiva	Dereitos Recoñecidos
1	Impostos Directos	1.705.000,00	1.709.798,24
2	Impostos Indirectos	50.000,00	29.124,14
3	Taxas, Prezos Públicos e Outros Ingresos	1.536.600,00	1.814.075,79
4	Transferencias correntes	1.932.328,25	1.839.018,14
5	Ingresos Patrimoniais	159.000,00	185.094,16
6	Enaxenación de Investimentos Reais	680.000,00	476.872,38
7	Transferencias de Capital	416.396,63	315.615,00
9	Pasivos Financeiros	20.000,00	3.305,90
SUMA		6.499.324,88	6.372.903,75

**ORZAMENTO DE GASTOS**

Capítulo	Descripción	Previsión definitiva	Obrigas Recoñecidas
1	Gastos de Persoal	2.191.555,92	2.184.699,42
2	Gastos Correntes en Bens e Servizos	2.159.160,17	1.444.389,48
3	Gastos Financeiros	130.000,00	77.555,37
4	Transferencias Correntes	62.759,00	59.245,14
6	Investimentos Reais	1.352.842,79	1.345.785,80
9	Pasivos Financeiros	423.007,00	121.080,00
SUMA		6.319.324,88	5.232.755,21

Fai o Alcalde unha mención especial que, ó incorporar os exercicios pechados e reducir os saldos de dubidoso cobro, que cada vez teñen unha maior esixencia, prodúcese un remanente negativo de tesourería para gastos xerais por importe de 392.325€ que o Pleno da corporación no mes de marzo soventou coa redución do orzamento en idéntica cuantía.

Ao longo do exercicio reduciuse a débeda bancaria de acordo coas previsións contempladas no orzamento, estando ó día no pagamento de amortizacións e intereses e situándose o concello a 31 de decembro cunha débeda a longo prazo de 4.340.603€ e unha débeda a corto prazo de 827.500€ e cumprindo tamén os obxectivos fundamentais que establecía o orzamento de dinamización económica, de calidade de servizos públicos e de recuperación demográfica. Non entra en analizar en detalle a conta de Reatur que xa foi obxeto de debate e aprobación no Pleno do mes de xuño.

O BNG, sinala, á vista do balance presentado, tamén á vista do informe de Secretaría Intervención, á vista tamén do resultado da exposición pública da conta xeral, vai votar favorablemente a súa aprobación para que sexa fiscalizada polo Consello de Contas e polo Tribunal de Cuentas para que as cuestións que queiran incorporar sexan tidas en conta en exercicios económicos futuros.

Polo grupo municipal do Partido Popular, intervén a súa concelleira, M<sup>a</sup> del Carmen Pérez González, para sinalar que, en consonancia co posicionamento manifestado reiteradamente en anteriores sesións plenarias en relación con este asunto, o Partido Popular vai votar en contra. Na súa opinión, o primeiro que habería que facer é axustar os gastos á realidade, cunha previsión de redución, para deixar de ter un remanente negativo de tesourería, porque as consecuencias desta situación levan a ter que reducir a inversión ou minorar os orzamentos do seguinte exercicio para poder cumprir coa lexislación. O Partido Popular entende que cunha mellor administración das contas deixaríase de ser o municipio de mais de cinco mil habitantes con mais débeda por habitante de Galicia e o municipio con mais presión fiscal da provincia.

Intervén finalmente o Alcalde para sinalar que, efectivamente, sobre esta cuestión xa se ten debatido en mais dunha ocasión, de xeito que un concello que na execución

orxamentaria resulta ter 1.200.000 euros de mais ingreso ordinario que gasto ordinario, ou de mais de 600.000 de resultado orxamentario positivo, non se pode dicir dél que non controla o seu gasto. En todo caso, ao grupo de goberno gustaríalle que o Partido Popular tamén comparara estas cifras coas do Estado en relación ao comportamento da débeda que, a pesar dos recortes que se ten producido na prestación de servizos públicos a débeda sigue medrando, e na propia Xunta de Galicia, a débeda de mais de dez millóns de euros supera con moito os oito mil millóns de euros de orzamento que ten. Nise aspecto, sinala, tamén hai que destacar que é o propio Ministerio de Facenda quen está facendo públicos os datos que expresan o comportamento dos concellos. Así, en relación á morosidade, temos avanzado significativamente até os 62 días de pago de facturas, cunha redución da débeda municipal a un ritmo importante de medio millón anual. Neste exercicio, a 31 de decembro, situámonos en 4.482.841€ de débeda o cal vai significar un 82%, e no vindeiro ano, tal como está comprometido, situarase por debaixo do 75% que o límite legal.

Ao mesmo tempo o concello está cumprindo os seus obxectivos de pago a provedores, facendo unha política que non sexa de absoluto recorte para non provocar un efecto dominó na caída do consumo, no emprego e na actividade económica. Ao mesmo tempo tamén se teñen mantido todos os servizos municipais que fan de Allariz un concello, non coa maior presión fiscal, nin coa maior débeda por habitante, senón un concello cunha calidade de vida e un disfrute de servizos públicos por parte dos veciños que fai que sexa un concello atractivo para vivir, gañando poboación, abrindo un colexio novo, e mantendo unha actividade comercial que mesmo este verán bateu records no propio consumo. Ése é o obxectivo do grupo de goberno, sinala, e obviamente, comparte co Partido Popular, como ten expresado en mais dunha ocasión, que esto ten que ir acopiado dunha prudencia municipal no capítulo de inversións porque xa se ten feito un esforzo inversor importante en anos anteriores. Está disposto, sinala, a comparar a presión fiscal, tanto en impostos que están no mínimo legal (IBI) do tipo de gravamen. Pode compararse con concellos como o de Ourense ou concellos similares de poboación en prezos de piscina, escolas deportivas, etc. Esta política, avanza, vaise manter, de xeito que no 2017 na previsión dos orzamentos non se van facer incrementos nos impostos municipais nin nas taxas e prezos públicos. Polo tanto, cree que o que os veciños demandan é unha política fiscal como a que se está practicando e uns servizos públicos como os que Allariz presta.

Polo exposto,

Visto o expediente tramitado do que deu conta o Alcalde,

Resultando que a Conta Xeral foi dictaminada con carácter inicial e favorablemente pola Comisión de Facenda, Persoal e Réxime Interior, en calidade de Comisión Especial de Contas, en sesión celebrada o día 25 de maio de 2015, sendo exposta a información pública mediante anuncio publicado no BOP nº 122, de 28 de maio de 2016, por prazo de 15 días, durante os cales e 8 mais, os interesados podían presentar reclamacións, reparos ou observacións.

Resultando que durante o prazo de exposición pública non consta que se presentara reclamación algunha contra a citada conta.

De conformidade co dictamen favorable da comisión especial de contas de data 26/07/2016, o Pleno, pola maioría simple dos seus concelleiros, cos votos a favor do grupo municipal do BNG (6), co voto en contra dos concelleiros do grupo municipal do PP (2), ACORDA:

Primeiro.- Aproba-la Conta Xeral do Concello de Allariz correspondente ó exercicio de 2015.

Segundo.- Render a Conta Xeral así aprobada e toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas, tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Terceiro.- Facultar ao Sr. Alcalde para que asine e expida cantos documentos sexan necesarios para a debida execución deste acordo.

#### **4. Moción do BNG reclamando á Xunta de Galicia solucións polos danos ocasionados polo xabarán nos cultivos agrícolas e gandeiros.**

Da conta da moción presentada, o concelleiro de medio ambiente, Bernardo Varela López, nos seguintes termos:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cada ano vemos con preocupación cómo son moitos os cultivos agrícolas que quedan estragados pola acción do xabarán. Este ano as queixas están a ser abondosas véndose afectados propietarios con terras adicadas a produción de millo, horta, centeo, herba, patacas ou mesmo as viñas.

O abandono da superficie cultivada e a grande extensión que ocupa xa no territorio o monte fai que o hábitat sexa idóneo para unha proliferación da fauna salvaxe que provoca máis dificultades aínda nas explotacións gandeiras e agrícolas, tamén desanima a unha poboación moi envellecida a continuar mantendo a superficie agraria no perímetro dos núcleos de poboación das diferentes parroquias e causa graves danos as poucas explotacións que quedan na zona adicadas á produción de leite obrigando asimismo a realizar vallados e peches en todas as fincas para intentar evitar a súa entrada.

Por todas estas razóns o grupo municipal do BNG no Concello de Allariz somete a aprobación do Pleno da Corporación a seguinte

### MOCION

O Pleno da Corporación Municipal de Allariz insta a Xunta de Galicia a protexer da fauna salvaxe a actividade agraria e gandeira nas diferentes parroquias, cun control máis riguroso das poboacións de xabaríns, corzos, etc.... e cun sistema de indemnización máis áxil para os danos causados polas mesmas.

Polo grupo municipal do Partido Popular, o seu concelleiro, José Daniel Rodicio Pérez, sinala que non deixa de ser sorprendente a moción presentada polo BNG porque, do seu texto, parece dar a impresión de que a redución da superficie cultivada no municipio de Allariz fora responsabilidade da Xunta de Galicia, non dí eso exactamente, pero da a impresión. Pregúntase o concelleiro se o concello de Allariz non terá algo que facer precisamente neste tema. Porque parece que se lle piden responsabilidades a outros organismos mentras que Allariz ten responsabilidades como concello. Recorda que no polígono industrial de Chorente hai unha central de biomasa que debería nutrirse de biomasa, como o seu propio nome indica, pero non está pasando así; a maior parte non é biomasa. Para empezar, a central de biomasa non cumpre os límites de emisión de contaminación que establece a propia normativa do polígono industrial, e o material que emprega, na súa maioría, non é biomasa. Ahí sí debería intervir o concello para velar que o material utilizado fora a biomasa, porque, cando se fixo a central, vendeuse a idea de que a central ía ser unha marabilla e que coa biomasa que se collera nos nosos montes estarían limpos e relucentes. O resultado non foi ese. Se se cumprira aquel obxectivo os nosos montes estarían realmente limpos e, seguramente, non teríamos a fauna salvaxe da que nos fala a moción. Alomenos, teríamos solucionado unha boa parte do problema do que se está falando na moción. Antes de pedirlle contas ós demais, sinala, debemos tomar as medidas que dependen de nos. É moi fácil botarlle a culpa ós outros e non asumir as responsabilidades propias, cando neste caso hai medidas que dependen directamente do concello e que non se están cumprindo. Por todo elo, o grupo municipal do Partido Popular vai votar en contra da moción.

Intervén a continuación o Alcalde para sinalar que moción ía no senso de controlar a poboación de xabaríns e para ter un sistema de indemnizacións mais áxil, ó tempo que hai un problema de carácter estrutural como é o abandono do medio rural que favorece esta situación. O concello ten unha serie de competencias, pero hai unha consellería do medio rural e hai unha Xunta de Galicia e un Goberno que é quen ten esas competencias; non vai ser esto un xuízo á empresa Allarluz e á súa actividade que, por certo, é a única central de biomasa que está en funcionamento, que se alimenta de biomasa, que produce enerxía eléctrica de acordo, suponse, con todos permisos legais, que a Consellería de Industria deberá controlar e cumprindo unha función didáctica importante. O concello claro que ten impulsado, e sigue impulsando, mais alá das súas competencias, proxectos de desenvolvemento local, aproveitamento de superficies, mesmo se ve co proxecto da cria de boi, cuxas xornadas se van celebrar agora, aumentando as xuperficies para o pastoreo destes animais, procurando que a súa alimentación tamén se faga con pastos e cereais do noso territorio, pero tamén neso incide de xeito importante a situación á que se refería o concelleiro de medio ambiente.

O BNG non se pon fora de esa situación, sendo conscientes de que é unha asignatura pendente o que está pasando co abandono, o envellecemento, a redución do perímetro rural ó redor de cada unha das parroquias e que a dez anos vista asusta pensar que cando morran os nosos pais é posible que vai quedando mais territorio en situación de abandono. Igual que o que pasa cos incendios forestais, non se trata por parte do BNG de facer imputacións de responsabilidade á Xunta, senón de ser conscientes de que temos un problema estrutural como país que temos que abordar, que non é xusto que recaiga sobre os produtores esa carga, que incide sobre o abandono productivo esta circunstancia, porque se un terreo non ten valado o cultivo practicamente é imposible, e valar un terreo ten un custe importante a maiores. É nesas térmos no que está o debate, non no terreo de Allarluz, que o BNG sigue considerano un proxecto innovador, que conta cun respaldo. Tampouco é o mesmo, sinala, o que está a suceder no interior de Galicia, concretamente na provincia de Ourense, como noutras comarcas onde o territorio está vivo, con cultivos, que está ordenado. O problema dos xabaríns, como o dos incendios forestais, responde a causas estruturais, sinala, que é o que hai que correxir, e o grupo de goberno súmase ás voces de todos aqueles que expresan a súa preocupación por esta situación.

Replica o concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Rodicio, insistindo en que hai medidas que dependen do concello como administración mais cercana aos cidadáns. En Allariz é evidente que hai un abandono do medio rural por parte do concello. Non fai moito o Partido Popular presentou unha moción que dicía que había 14 pobos nos que, ou ben non había saneamento, ou ben había numerosas casas nas que faltaba saneamento. Frente a isto o Alcalde dixo que non era unha actuación prioritaria para o concello. Se se quere axudar, ésta é unha das medidas que hai que tomar. Haberá que poñer saneamento en todos os pobos en que falta, teremos que axudar para que a poboación continúe nos seus pobos. Así, axudarase a que o medio rural e o seu entorno esté protexido e coidado. Desde logo, pola parte do concello esto non se está facendo. A moción presentada polo PP era constructiva; o BNG podía dicir vámolos facer en catro, ou en tres anos, pois non, o BNG dixo que non era un problema prioritario, que había outros temas que resolver. Pois neste incide o que se está a falar na moción, e moito, afirma o concelleiro. Afortunadamente, como consecuencia daquela moción, xa se empezaron a facer obras de saneamento en Coedo, benvido sexa, afirma, pero haino que facer nos catorce núcleos restantes. Alomenos, o Alcalde nesta ocasión xa non negou que estes pobos carecían de saneamento, porque antes sistemáticamente se negaba esta situación. Agora xa non se nega, senón que se empezan a acometer obras. Estes servizos, sinala, son importantes que porque axudan a que a xente se anime a quedarse nos seus núcleos rurais e coiden o seu entorno. Estas son medidas que dependen do concello e tenas que tomar, e non acordarse doutras administracións que están en Santiago ou en Madrid, conclúe.

Para rematar, intervén o Alcalde sinalando que, insistir en que a administración local é a administración mais próxima aos cidadáns é un tópico. A administración mais próxima somos todos, tamén o centro de saúde que está bastante próximo, a Consellería de Educación ten equipamentos ben próximos e o Estado tamén ten equipamentos próximos, todos temos equipamentos próximos, pero temos un reparto de competencias. O que me alarma, sinala o Alcalde, é que vostede en vez de falar do xabarín está a falar de Allarluz, do saneamento, que non só o facemos en Coedo, tamén nas Pegas. Xa lle gustaría a él, sinala o Alcalde, que moitos concellos tiveran a calidade de equipamentos no medio rural que ten Allariz, con parroquias que son auténticas vilas, porque Santa Mariña de Augas Santas é unha auténtica Vila, Vilar de Flores é unha auténtica Vila; o meu pobo, Vilaboa, é unha auténtica Vila, e así a metade dos pobos que son extraordinarios, ata 24 locais sociais hai no conxunto dos pobos. O problema, lamentablemente, é que ten que haber actividade económica; mais alá de que podamos estar de acordo que nalgún lugar haxa que facer saneamento, mellorar a traida das augas ou haxa que reparar a pavimentación ou mellorar o alumeadado. Isto non impide que os veciños se asentem, pero moitos, ademais de ter que enfrentarse a menores rendas polas dificultades de produción, non poden sementar porque se non teñen os eidos ben pechados o xabarín llo vai levantar. Ésa é a realidade. Con respecto aos servizos, todos os pobos dispoñen dun bo conxunto de servizos básicos, e o concello leva facendo mais inversión ao longo destes vinte e sete anos que en toda a historia de Allariz, mais de nove millóns de euros, porque non había servizos en todos e cada ún, nin na Vila. Non hai mais que recordar cando se recollía o lixo cun tractor pequeniño que pasaba polas rúas. Precisamente a revolta foi debida ao estado de abandono da depuración das residuais. Pero este non é o debate, a cousa é que ninguén nega que hai un problema coa fauna salvaxe que afecta de xeito grave a que se manteña o perímetro coidado no entorno dos núcleos e se non se corrixe cada ano vai quedando mais territorio en estado de abandono, e se se quixera sementar mais cereal ou millo para ter mais carne de boi non é rendible se cada eido ten que ter un valado para impedir que o coma o xabarín. Esta é a cuestión, conclúe o Alcalde. A moción prantéxase, remata, para que o goberno que ten a competencia no medio rural tome as medidas que corresponda.

Concluída a exposición, sométese o asunto a votación co seguinte resultado:

Votación	Nº de votos	Grupo político
SI	6	BNG
NON	2	PP

Queda aprobada a moción presentada.

## 5. Rogos e Preguntas.

Polo Grupo Municipal do Partido Popular, o seu concelleiro, José Daniel Rodicio Pérez, formula oralmente as seguintes:

1. Sobre o tema da limpeza viaria, unha vez mais, recorda o concelleiro, solicita que se revise o protocolo da limpeza viaria porque agora que hai mais medios materiais seguramente se pode chegar a mais sitios dos que se chagaba até agora. En Allariz sigue habendo rúas que non se limpan nunca, afirma. Hai algunha que ocasionalmente se limpa, se por alí vai pasar o boi ese día, ou se vai haber algunha andaina. Outras non teñen esta sorte, entón non se limpan. Da a impresión de que se limpan aquelas rúas polas que van pasar os nosos visitantes, como se a limpeza que se fai non é para os veciños, é para os visitantes que se achegan a Allariz, para que a vexan ben limpiña, pero quenes pagan os nosos impostos son os veciños. Por eso cree que hai que revisar o protocolo de limpeza, mais agora que hai novos materiais. Isto con carácter xeral, pero mais concretamente hai que revisar o que se fai no verán, porque nesta época do ano os contenedores están

desbordados de lixo. Ao mellor hai que facer un reforzo dos servizos de limpeza nos meses de verán. Isto afecta á Vila pero tamén ós núcleos rurais. Un tema complementario é que a limpeza das rúas hai que facela en toda a rúa, non só por unha parte; eso pasa nunha cuantas.

Contesta o Alcalde sinalando que se toma en consideración o rogo pero non comparte o fondo, no sentido de que o concello non teña un bo grao de limpeza cando é unha nota que non só a expresan os visitantes senón que os propios veciños, mais alá de que haxa circunstancias, por mal uso, ou por eventos como ocorre despois dunha feira. Parece que temos unha visión diferente porque a limpeza en Allariz é algo que contrasta. De todos xeitos, seguiranse facendo esforzos para seguir mellorando o servizo.

2. O arbolado dos árboles, particularmente os plátanos, teñen unha plaga e hai que tomar as medidas necesarias para combatir esa plaga. Están en malas condicións e non se está tomando ningunha medida, afirma.

Contesta o Alcalde sinalando que ao mellor a plaga é froito dunha sequía potente deste verán, pero os plátanos son árbores resistentes. Faráselles un seguimento pero entendemos que non están en perigo. Tense observado que os carballos estes anos tamén se teñen visto moi afectados, e mesmo os amieiros presentan síntomas de plagas. Farase un seguimento pero a incidencia parece que ten comportamentos diferentes segundo as especies arbóreas. Cada ano obsérvase esta circunstancia, mesmo se está en contacto coa Confederación Hidrográfica para entresacar aqueles exemplares de amieiros nas ribeiras do Arnoia mais afectados e poder retirar os exemplares mortos. Ós plátanos tamén se lles está a facer un seguimento e agora no plan de podas verase a súa situación.

*E non tendo mais asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, dando por terminada a sesión, ordenou o seu levantamento, ás vinte horas e corenta minutos do mesmo día do seu comenzo, do que eu, como Secretario, certifico e dou fe.*

O ALCALDE

O SECRETARIO

